



PLAN T.I.C.

Xestión e organización de recursos e espazos

Os espazos comúns, como poden ser a biblioteca e o salón de actos, xunto cos seus recursos técnicos (ordenadores, videoproxectores, televisións, proxector de transparencias, etc...), estarán á disposición de toda a comunidade educativa, e para a súa utilización deberase cubrir unha táboa de reserva que se elaborará por trimestre.

Os medios técnicos situados nas aulas ordinarias poderán ser utilizados polos/as profesores/as cando impartan clases nelas. En cada aula existirá un armario onde se gardarán o ordenador portátil, o mando do proxector e calquera outro material que se considere oportuno. Eses armarios terán a mesma chave, da cal poderá ter copia todo o profesorado que o desexe. É moi importante que o profesorado vele polo correcto uso deste material, así como que vixie que o alumnado o respecte e o considere como algo propia da súa clase.

Aquelas aulas específicas de cada materia (Música, Idiomas, Debuxo, Informática, etc...), salvo excepcións, serán de uso exclusivo do departamento correspondente.

A aula multimedia considerarase como un espazo común e para utilizala haberá que reservala nunha táboa trimestral. Sería conveniente que o profesorado que queira utilizar este aula algunha hora á semana durante todo o curso escolar o comunique ao comezo do curso para telo en conta nos horarios. Tamén sería importante que o profesorado conciba este espazo, non coma un aula de informática, senón como un lugar onde se combine o traballo cos ordenadores co traballo típico dun aula normal, xa que a disposición do mobiliario deste aula así o aconsella.

Intentarase que cada curso escolar vaia aumentando o número de aulas que dispoñan de videoproxector e ordenador. Irase instalando este material comezando sempre nos niveis superiores de cada ensinanza.

Calquera problema que exista no manexo dos recursos T.I.C. o nos espazos onde se encontran estes recursos será comunicado ao responsable das T.I.C. do centro.